

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 29 DE DECEMBRO DE 2021.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e nove de decembro de 2021, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno en substitución do Vicesecretario accidental, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas urbanísticas: para construción dunha nave de planta baixa e planta alta, dividida en 3 módulos, de uso industrial sen actividade definida, na rúa Ramón María Aller Ulloa número 60-62, esquina rúa Cruz Gallastegui Unamuno (vial A, parcela H.1.A) Parque Empresarial das Gándaras. (expte: 2021/Y001/000072) e para instalación de ascensor no edificio de vivendas sito na rúa Paxariños, número 33. (Expte: 2021/Y001/000265).

Tamén se acorda a denegación das seguintes licenzas urbanísticas: para rehabilitación de edificación tradicional para uso de vivenda unifamiliar, ampliación en edificación independente para garaxe privado e demolición de edificación existente en Cristimil número 3. (expte: 2020/Y001/000008) e para adecuación e rehabilitación de cuberta e fachada no edificio sito na rúa Nova número 139 (expte:63/19).

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a contratación - mediante dous lotes - da prestación do servizo de mantemento e conservación das actuacións enmarcadas no plan de embelecemento da cidade a través da Estratexía Dusi denominada "Da Muralla á Miño-Muramiñae" coa cofinanciación do 80% da Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional. Contrato reservado ao Centro Especial de Emprego de Iniciativa Social e a Empresas de Inserción. Exp. ref. 2021/C003/000043.

Tamén se acorda a adxudicación na contratación da obra de urbanización

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac7871762458885121383.doc

Asunto: XUBNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-12-2021

para o acondicionamento exterior da parcela do edificio impulso verde que abarca a acción C11 “deseño e execución do proxecto piloto”, “impulso verde”, do proxecto life14 CCA/ES/000489 Lugo + biodinámico. “Planificación dun barrio multi-ecolóxico como modelo de resiliencia urbana” cofinanciado pola Unión Europea mediante o instrumento financeiro Life 2014-2020. Exp. ref. 2021-C002-000048.

Acórdase a adxudicación na contratación da subministración de combustible para calefacción das dependencias municipais do Concello de Lugo. Expdte ref: 2021/C004/000032.

Do mesmo xeito, acordase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto na contratación dos servizos de prevención e control da lexiolose nas instalacións de titularidade municipal e desinfección, desinsectación e desratización no Concello de Lugo e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2021/C003/000039.

Así mesmo, acordase a adxudicación na contratación das obras de “Eliminación de vertidos de augas residuais en el Polígono Industrial de as Gándaras”. Exp. ref. 2021-C002-000057.

Acórdase a primeira prórroga do contrato do servizo de coordinación de seguridade e saúde na execución de reparacións e traballos de apoio na reparación de avarías na rede de abastecemento de auga do Concello de Lugo. Exp. ref. 2020-c003-000045. que vai do día 13 de outubro de 2021 ata o 12 de outubro de 2022.

Tamén se acorda a terceira prórroga do contrato que vai dende o 31/12/2021 ata o 30/12/2022 na contratación para a prestación do servizo de vixilancia no Centro Social e Cultural do Vello Cárcere. Exp ref 2018-33

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto na contratación dun servizo denominado asistencia técnica para a elaboración, implementación, seguemento e avaliación do plan de acción da axenda urbana “Lugo Cidade Verde”; e das súas actuacións asociadas e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2021/C003/000044.

3. PERSOAL.- Acórdase a atribución temporal de funcións no posto de xefe/a de negociado técnico sup. electricista de brigada de Zona Rural Iluminación.

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL

4. DESENVOLVEMENTO LOCAL.- Acórdase a adxudicación de subvención polo procedemento de concesión directa e excepcional a favor de “Diocesis de Lugo”, para o proxecto: rehabilitación ca Capilla do Carme”. Código proxecto.-

21RT00004.

Fora da orde do día

- Acórdase a adxudicación na Contratación da obra "Reurbanización da Rúa Rafael de Vega. Exp Ref.2021-C002-000051.

- Acórdase a aprobación da Adenda modificativa do Convenio de colaboración asinado entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, O.A., e o Concello de Lugo sobre o financiamento, execución, mantemento e conservación das obras do "Proxecto de actuacións para reducir o risco de inundación do río Rato no entorno da Glorieta da Rúa Serra de Meira. R.M. Lugo.

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.